

EXAME PROMOCIÓN INTERNA SUBGRUPO A1

1.- Diga cales dos seguintes entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público, son poder adxudicador e teñen a consideración de Administración Pública para os efectos da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público:

- a) as entidades que integran a Administración Local
- b) os organismos autónomos
- c) as Universidades Públicas
- d) todas as respostas son correctas

2.- Segundo o Título I do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, este Estatuto aplicase:

- a) exclusivamente ao persoal funcionario
- b) ao persoal laboral ao servizo das Universidades
- c) ao persoal funcionario ao servizo das Entidades Locais
- d) ao persoal laboral da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos

3.- De acordo co artigo 4 do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia, con carácter previo, solicitará informe dos delegados de persoal ou comité de empresa respectivo, e se é o caso, do Comité Intercentros, cando se acorde a amortización de prazas vacantes. Tal informe deberá ser emitido no prazo máximo de:

- a) 10 días
- b) 12 días
- c) 5 días
- d) 20 días

4.- De acordo co artigo 18.2 do V Convenio, a xornada de traballo habitual para aqueles colectivos de traballadores/as que prestan os seus servizos en quendas mañá-tarde-noite, nos centros de atención continuada, será de:

- a) 7 horas de mañá, 7 horas de tarde e 10 horas de noite
- b) 8 horas de mañá, 8 horas de tarde e 10 horas de noite
- c) 7 horas e 30 minutos de mañá, 7 horas e 30 minutos de tarde e 8 horas de noite
- d) 7 horas de mañá, 7 horas de tarde e 8 horas de noite

5.- De acordo co artigo 24.3.a) do V Convenio, os/as traballadores/as fixos/as, cunha antigüidade mínima dun ano na Xunta de Galicia, poderán solicitar excedencia voluntaria por un período de tempo non inferior a un ano. ¿Con canta antelación deberán solicitala?:

- a) 30 días
- b) un mes
- c) 15 días
- d) 45 días

6.- De acordo co artigo 7.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas aos funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente, que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun:

- a) 30%
- b) 35%
- c) 40%
- d) 45%

7.- De acordo co artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de Mulleres e Homes, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público se establecerá que, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir ao home. Pois bien, ¿cando se entende que existe infrarrepresentación do sexo feminino?:

- a) cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, trinta puntos entre o número de mulleres e o número de homes
- b) cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes
- c) cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vintecinco puntos entre o número de mulleres e o número de homes
- d) cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, dez puntos entre o número de mulleres e o número de homes

8.- Segundo o artigo 13 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a secretaría da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo recaerá:

- a) na Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais
- b) na Subsecretaría de Sanidade e Consumo
- c) na Dirección do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo
- d) na Secretaría de Estado de Traballo

9.- ¿A que persoal se lle aplica, de forma supletoria, o Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia?:

- a) ao persoal ao servizo do Parlamento de Galicia
- b) ao persoal de administración e servizos das Universidades galegas
- c) ao persoal adscrito aos órganos creados e dependentes do Parlamento

d) todas as respostas anteriores son correctas

10.- ¿A que órgano lle corresponde designar a representación da Administración autonómica en convenios colectivos de ámbito xeral ou que afecten a varias consellerías, segundo establece o Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia?:

- a) ao Consello Galego da Función Pública
- b) ao conselleiro/a de Economía e Facenda
- c) ao conselleiro/a competente en materia de función pública
- d) ao Consello da Xunta de Galicia

11.- Segundo o artigo 23 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) os contratos do sector público poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrência para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga
- b) a prórroga dos contratos do sector público acordarase pola mesa de contratación do órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario
- c) se o contrato o prevé expresamente poderá producirse a prórroga dos contratos polo consentimento tácito das partes
- d) os contratos menores poden ser obxecto de prórroga

12.- Diga cal das seguintes afirmacións é correcta segundo o artigo 12 do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) o persoal eventual é o que, en virtude de nomeamento e con carácter permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin
- b) o seu nomeamento e cesamento serán libres

- c) ao persoal eventual seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal laboral
- d) ningunha das anteriores respostas é correcta

13.- De acordo co artigo 47.3 do V Convenio, ¿cal das seguintes infraccións é leve?:

- a) a falta de asistencia ao traballo sen causa xustificada durante dous ou tres días ao mes, a non ser que se probe a imposibilidade de facelo por causa de forza maior
- b) o abandono do traballo sen causa xustificada por tempo superior a dous días nun mes
- c) a diminución continuada e voluntaria no rendemento de traballo normal ou pactado
- d) a presentación extemporánea de partes de baixa ou de confirmación, en tempo superior a dous días, dende a data da súa expedición regular, a non ser que por causa de forza maior se probe a imposibilidade de facelo

14.- A tenor do disposto polo artigo 54 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, ¿en que situación administrativa se atopa o persoal funcionario público cando é nomeado funcionaria ou funcionario dos corpos docentes ou das escalas en que se ordena a función pública docente?:

- a) na situación de servizos especiais
- b) na situación de servizo activo
- c) na situación de servizos noutras Administracións Públicas
- d) en expectativa de destino

15.- Cando os traballadores estean ou poidan estar expostos a un risco grave e inminente con ocasión do seu traballo, estes poderán, segundo o artigo 21 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais:

- a) interromper a súa actividade a condición de que llelo permita o empresario
- b) interromper a súa actividade a condición de que llelo autorice a autoridade laboral competente

- c) interromper a súa actividade a condición de que se adopte un acordo neste sentido polos delegados de prevención
- d) ningunha das respostas anteriores é correcta

16.- De acordo co artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei que en representación do sector público vaia pertencer a Consellos de Administración ou órganos de Goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas, non poderá facelo en máis de:

- a) cinco, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da Comunidade Autónoma ou pleno da corporación local correspondente
- b) tres, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da Comunidade Autónoma ou pleno da corporación local correspondente
- c) catro, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da Comunidade Autónoma ou pleno da corporación local correspondente
- d) dous, salvo que excepcionalmente se autorice para supostos concretos mediante acordo do Goberno, órgano competente da Comunidade Autónoma ou pleno da corporación local correspondente

17.- Segundo o artigo 77 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a revisión de prezos nos contratos das Administracións Públicas:

- a) terá lugar, nos termos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público e salvo que a improcedencia da revisión se tivese previsto expresamente nos pregos ou se tivera pactado no contrato, cando este se executase, polo menos, no 20 por cento do seu importe e tiña transcorrido un ano dende a súa adxudicación
- b) poderá ter lugar nos contratos de xestión de servizos públicos unha vez transcorrido o primeiro ano de vixencia do contrato se se executou o 20 por cento da prestación
- c) terá lugar nos contratos cuxo pagamento se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción de compra

d) permítense nos contratos menores cunha duración superior a un ano

18.- Segundo o artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación obrigatoria, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso:

- a) a determinación e aplicación das retribucións básicas e complementarias dos funcionarios
- b) os criterios xerais de acción social
- c) o procedemento de formación dos actos e disposicións administrativas
- d) a determinación de condicións de traballo do persoal directivo

19.- Segundo o artigo 126 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) cando os contratos estean suxeitos a regulación harmonizada a licitación deberá publicarse unicamente no «Diario Oficial da Unión Europea»
- b) cando os contratos estean suxeitos a regulación harmonizada a publicidade efectuada nos diarios oficiais autonómicos ou provinciais pode substituír a que debe facerse no «Boletín Oficial do Estado»
- c) os procedementos para a adxudicación de contratos de obras, subministracións ou servizos non suxeitos a regulación harmonizada deberán ser anunciados, en todo caso, no «Diario Oficial da Unión Europea»
- d) o envío do anuncio ao «Diario Oficial da Unión Europea» deberá preceder a calquera outra publicidade

20.- Segundo o artigo 40.2 do Estatuto Básico do Empregado Público, estarán lexitimados para iniciar, como interesados, os correspondentes procedementos administrativos e exercitar as accións en vía administrativa ou xudicial en todo o relativo ao ámbito das súas funcións:

- a) as Xuntas de Persoal, colexiadamente, por decisión das dúas terceiras partes dos seus membros e, no seu caso, os Delegados de Persoal, mancomunadamente

- b) as Xuntas de Persoal colexiadamente, por decisión maioritaria dos seus membros e, no seu caso, os Delegados de Persoal, solidariamente
- c) as Xuntas de Persoal colexiadamente, por decisión maioritaria dos seus membros e, no seu caso, os Delegados de Persoal, mancomunadamente
- d) ningún dos anteriores

21.- De acordo co artigo 47.3 do V Convenio, ¿cal das seguintes infraccións non é grave?:

- a) o abandono do traballo sen causa xustificada por tempo superior a dous días nun mes
- b) a incorrección cos superiores xerárquicos, cos/as compañeiros/as e co público en xeral
- c) a colaboración ou o encubrimento de faltas doutros/as traballadores/as, en relación cos seus deberes de puntualidade, asistencia e utilización dos mecanismos de control
- d) máis de cinco faltas de puntualidade nun mes, respectándose o réxime existente para efectos de cómputo en cada centro de traballo

22.- De conformidade co Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, ¿de cantos días de permiso para asuntos persoais sen xustificación pode dispor por ano, como máximo, un empregado público que conte cunha antigüidade na Administración de vinte e un anos?:

- a) nove días
- b) dez días
- c) once días
- d) doce días

23.- De acordo co art. 47.5 do V Convenio, ¿quen é o órgano competente para impoñer sancións por faltas graves e moi graves?:

- a) o Consello da Xunta
- b) os directores xerais e os/as delegados/as provinciais, respecto do persoal dependente da súa dirección xeral ou delegación provincial

- c) as persoas titulares da consellería ou do organismo autónomo en que estea destinado o/a traballador/a
- d) o titular da Consellería competente en materia de Función Pública

24.- De acordo co parágrafo primeiro do artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ¿a quen corresponde a autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público?:

- a) ao Ministerio da Presidencia, a proposta da Subsecretaría do Departamento correspondente, ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao pleno da corporación local á que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos directores dos organismos, entes e empresas públicas
- b) ao Ministerio de Administracións Públicas, a proposta da Subsecretaría do Departamento correspondente, ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao pleno da corporación local á que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos directores dos organismos, entes e empresas públicas
- c) ao Consello de Ministros, a proposta da Subsecretaría do Departamento correspondente, ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao pleno da corporación local á que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos directores dos organismos, entes e empresas públicas
- d) ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Director do Departamento correspondente, ao órgano competente dala Comunidade Autónoma ou ao pleno da corporación local á que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos directores dos organismos, entes e empresas públicas

25.- Segundo o artigo 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as disposicións de carácter laboral que a devandita Lei contén terán en todo caso o carácter de:

- a) dereito necesario
- b) dereito mínimo
- c) dereito indispoñible

d) todas as respostas anteriores son correctas

26.- De conformidade co Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, as persoas funcionarias que pasen á situación de excedencia voluntaria incentivada teñen dereito a percibir:

a) dúas mensualidades das retribucións de carácter periódico, incluídas as pagas extraordinarias e o complemento de produtividade, percibidas no último posto de traballo desempeñado, por cada ano completo de servizos efectivos e cun máximo de doce mensualidades

b) unha mensuralidade das retribucións íntegras percibidas no último posto de traballo desempeñado, por cada ano completo de servizos efectivos cun máximo de doce mensualidades

c) unha mensuralidade das retribucións de carácter periódico, excluídas as pagas extraordinarias e o complemento de produtividade, percibidas no último posto de traballo desempeñado, por cada ano completo de servizos efectivos e cun máximo de doce mensualidades

d) dúas mensuralidades das retribucións íntegras percibidas no último posto de traballo desempeñado, por cada ano completo de servizos efectivos e cun máximo de doce mensuralidades

27.- Segundo os artigos 96, 140 e 206 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, se os contratos que celebren as Administracións Públicas non se formalizan en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte o da notificación da adxudicación definitiva:

a) pódese resolver o contrato por mutuo acordo entre a Administración e o contratista

b) se a non formalización en prazo se debe a causas imputables ao contratista, a Administración poderá acordar a resolución do contrato, así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, se tivese constituído

c) se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar, pero este non poderá solicitar a resolución do contrato

d) a Administración poderá acordar igualmente o comezo da súa execución

28.- O artigo 54 do Estatuto Básico do Empregado Público considera como un principio de conduta dos empregados públicos:

- a) garantir a atención ao cidadán na lingua que o solicite sempre que sexa unha das linguas oficiais da Unión Europea
- b) obedecer, en todo caso, as instrucións e ordes profesionais dos superiores
- c) administrar os recursos e bens públicos con austeridade
- d) rexeitar, en todo caso e sen excepción, calquera regalo, favor ou servizo en condicións vantaxosas, sen prexuízo do establecido no Código Penal

29.- De acordo co artigo 27 do V Convenio, sempre que a organización do traballo o permita, as horas extraordinarias compensaranse por tempo de descanso. Para compensar por tempo de descanso as horas extraordinarias, computaranse cada unha destas por:

- a) 1 hora e 30 minutos de descanso en días laborables, e 2 horas e 15 minutos en domingo e festivos
- b) 1 hora e 45 minutos de descanso en días laborables, e 2 horas e 15 minutos en domingo e festivos
- c) 2 horas de descanso en días laborables, e 2 horas e 30 minutos en domingo e festivos
- d) 2 horas e 15 minutos de descanso en días laborables, e 2 horas e 45 minutos en domingo e festivos

30.- De acordo co parágrafo primeiro do artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, os que accedan por calquera título a un nuevo posto do sector público que con arreglo a esta Lei resulte incompatible co que viñeran desempeñando deberán de optar por un deles. ¿En qué prazo deberán facelo?:

- a) no prazo de 15 días
- b) no prazo dun mes

- c) dentro do prazo de toma de posesión
- d) no prazo de 20 días

31.- De acordo co artigo 37 bis da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de Mulleres e Homes, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega, ¿qué porcentaxe haberá que reservar para as mulleres?:

- a) un sesenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria
- b) un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria
- c) un cincuenta e cinco por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria
- d) un corenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria

32.- A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece condicións específicas de protección para determinados colectivos de traballadores entre os que se inclúen:

- a) os menores de dezaseis anos
- b) os que polas súas propias características persoais sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo
- c) os traballadores contratados por empresas de traballo temporal
- d) todas as respostas anteriores son correctas

33.- De conformidade co Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, os funcionarios e funcionarias docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinamentos distintos dos universitarios que, mediante o procedemento de libre designación, pasen a ocupar postos abertos ao devandito persoal nas relacións de postos de traballo da Xunta de Galicia, ¿teñen dereito á reserva da praza que estivesen desempeñando?:

- a) non, xa que a provisión dun posto mediante o procedemento de libre designación nunca da dereito á reserva do posto que se viñera desempeñando
- b) si, teñen dereito á reserva de praza, pero só no caso de que ocupasen esta con carácter definitivo
- c) si, teñen dereito á reserva de praza, pero só no caso de que estivesen prestando servizos en centros educativos que impartan ensinos universitarios
- d) si, teñen dereito á reserva de praza, pero só no caso de que optasen expresamente por esta posibilidade ao tomar posesión no novo posto

34.- De acordo co artigo 108 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a contratación conxunta da elaboración do proxecto e a execución das obras correspondentes:

- a) poderá efectuarse cando motivos de orde técnica obriguen necesariamente a vincular ao empresario aos estudos das obras e cando se trate de obras cuxa dimensión excepcional ou dificultades técnicas singulares, requiran solucións achegadas con medios e capacidade técnica propias das empresas
- b) a licitación deste tipo de contrato requirirá a redacción previa pola Administración ou entidade contratante do correspondente anteprojecto ou documento similar
- c) o contratista presentará o proxecto ao órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e reformulación. Se se observaren defectos ou referencias de prezos inadecuados no proxecto recibido requirirase a súa emenda do contratista, sen que poida iniciarse a execución de obra ata que se proceda a unha nova supervisión, aprobación e reformulación do proxecto
- d) todas as respostas son correctas

35.- Conforme ao artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, poderán formar parte dos órganos de selección:

- a) o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual
- b) só o persoal laboral

- c) os empregados públicos
- d) os funcionarios de carreira e o persoal laboral

36.- De acordo co artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ¿cal das seguintes actividades non queda exceptuada do réxime de incompatibilidades da devandita Lei?:

- a) a participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para o ingreso nas Administracións Públicas
- b) a participación do persoal docente en exames, probas ou avaliacións distintas das que habitualmente lles correspondan, na forma regulamentariamente establecida
- c) o exercicio do cargo de presidente, vogal ou membro de xuntas rectoras de mutualidades ou padroados de funcionarios, sempre que sexa retribuído
- d) a produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos

37.- Cales dos seguintes son dereitos dos traballadores segundo o artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais:

- a) á vixilancia do seu estado de saúde
- b) á utilización dos equipos de protección adecuados
- c) á participar no control e no seguimento da xestión desenvolvida polas Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social
- d) á asumir, na parte que proporcionalmente lles corresponda, o custe das medidas de seguridade e saúde no traballo

38.- Diga en cales dos seguintes contratos admite a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación mediante procedemento negociado:

- a) nos contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a un millón de euros, nos de xestión de servizos públicos cun valor estimado inferior a 100.000 euros e nos restantes

contratos das Administracións Públicas cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 euros

b) nos contratos de obras cuxo orzamento de gastos de primeiro establecemento se prevexa inferior a 500.000 euros e o seu prazo de duración sexa inferior a cinco anos

c) nos contratos de subministración cando o seu valor estimado sexa superior a 100.000 euros

d) nos contratos que asinen as Administracións Públicas, cando as proposicións ou ofertas económicas no procedemento aberto seguido previamente sexan irregulares ou inaceptables por infrinxirse as condicións para a presentación de melloras

39.- Conforme ao artigo 70 do Estatuto Básico do Empregado Público, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, deberá desenvolverse:

a) dentro do ano seguinte á súa aprobación, prazo prorrogable por razóns de interese público

b) dentro do prazo improrrogable de tres anos

c) dentro do prazo improrrogable de cinco anos

d) dentro do prazo que a oferta de emprego público ou instrumento similar prevexa

40.- ¿Establece o artigo 21 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, algún tipo de límite con respecto á creación de novos corpos ou escalas?:

a) non, sempre que tal creación se leve a cabo mediante Decreto do Consello da Xunta

b) non, sempre que tal creación se leve a cabo mediante unha Lei

c) non, sempre que tal creación se leve a cabo mediante unha norma con rango de Lei

d) ningunha das respostas anteriores é correcta

41.- Diga cal das seguintes afirmacións respecto dos contratos de servizos é correcta, segundo o disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público:

a) a responsabilidade do contratista polos vicios ocultos durará 15 anos

- b) se a Administración considera que os traballos realizados polo contratista non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá resolvelo pero non terá dereito á recuperación do prezo satisfeito
- c) é causa de resolución a suspensión por causa imputable á Administración da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada neste para o seu comezo, salvo que no prego se sinale outro menor, en cuxo caso o contratista terá dereito a percibir unha indemnización do 5 por cento do valor estimado do contrato
- d) os contratos de servizos que teñan por obxecto a asistencia á dirección de obra terán unha duración igual á do contrato de obras ao que están vinculados máis o prazo estimado para proceder á liquidación das obras

42.- Diga cal das seguintes afirmacións é correcta segundo os artigos 76 e 77 do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) o persoal funcionario de carreira e o laboral clasifícanse no Grupo A, dividido en dous Subgrupos A1 e A2, no Grupo B e no Grupo C, dividido en dous Subgrupos, C1 e C2
- b) o persoal laboral clasifícarase de conformidade coa lexislación laboral
- c) para o acceso aos corpos ou escalas do Grupo A esixírase estar en posesión do título de Técnico Superior
- d) ningunha das respostas anteriores é correcta

43.- Segundo o artigo 27 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, tanto a elaboración como a modificación posterior das relacións de postos de traballo deberán ser sometidas a informe dos correspondentes órganos de representación dos empregados públicos:

- a) en todo caso
- b) só cando se trate da elaboración das relacións de postos de traballo
- c) só cando se leven a cabo modificacións posteriores destas
- d) exclusivamente cando supoñan modificación das condicións de traballo deste persoal

44.- Diga cal das seguintes afirmacións, respecto dos contratos de subministración, é correcta, segundo o disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público:

- a) son os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmobles
- b) o adxudicatario ten dereito a recibir unha indemnización por causa de avarías ocasionadas nos bens antes da súa entrega á Administración que incorrese en mora ao recibilos
- c) salvo pacto en contrario, os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convindo serán de conta da Administración contratante
- d) en caso de suspensión da subministración por un prazo superior ao ano acordada pola Administración, o contratista terá dereito, unha vez acordada a resolución do contrato, a percibir unha indemnización do 3 por cento do prezo de adxudicación

45.- O artigo 87 do Estatuto Básico do Empregado Público dispón, respecto do funcionario de carreira que se encontre en situación de servizos especiais:

- a) que percibirá as retribucións do posto ou cargo que desempeñen e non as que lle corresponda como funcionario de carreira, pero o tempo que permaneza en tal situación non se lle computará para os efectos de ascensos, recoñecemento de trienios, promoción interna e dereitos no réxime de Seguridade Social que lle sexa de aplicación
- b) que terá dereito, polo menos, a reingresar o servizo activo na mesma localidade, nas condicións e coas retribucións correspondentes á categoría, nivel ou escalón da carreira consolidados, de acordo co sistema de carreira administrativa vixente na Administración Pública á que pertenza
- c) que se foi declarado en situación de servizos especiais porque, en virtude dos procesos de transferencias ou polos procedementos de provisión de postos de traballo, obtivo un destino nunha Administración Pública distinta, se manterá nesa situación no caso de que por disposición legal da Administración á que accede se integre como persoal propio desta

d) que a súa concesión quedará subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas e non poderá declararse cando ao funcionario público se lle instrúa un expediente disciplinario

46.- O artigo 49.1 do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, establece a posibilidade de prolongar a permanencia no servizo activo ata, como máximo, os 70 anos de idade. Así mesmo, tamén sinala que queda exceptuado da posibilidade de exercitar esta opción:

- a) o persoal funcionario daqueles corpos ou escalas que teñan normas específicas de xubilación de acordo co disposto na normativa básica estatal
- b) o persoal funcionario daqueles corpos ou escalas que teñan normas específicas de xubilación de acordo co disposto na normativa reguladora da seguridade social
- c) o persoal funcionario daqueles corpos ou escalas que teñan normas específicas de xubilación de acordo co que dispoña a normativa sectorial respectiva
- d) o persoal funcionario daqueles corpos ou escalas que, en atención ás características e funcións dos seus respectivos postos de traballo, así veña exceptuado na correspondente normativa autonómica

47.- Diga cal das seguintes afirmacións é correcta segundo o artigo 83 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público:

- a) os que resulten adxudicatarios definitivos dos contratos que asinen as Administracións Públicas deberán constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía dun 5 por cento do orzamento base de licitación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido
- b) atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituír garantía, xustificándoo axeitadamente nos pregos, especialmente no caso de contratos de obras e de concesión de obras públicas
- c) cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios o importe da garantía será o 5 por cento do orzamento base de licitación

d) cando se prevexa nos pregos, a garantía que, eventualmente, deba prestarse en contratos de obra e concesión de obra pública poderá constituírse mediante retención no prezo

48.- Segundo o artigo 96.2 do Estatuto Básico do Empregado Público, procederá a readmisión do persoal laboral fixo:

- a) cando sexa declarado improcedente o despedimento acordado como consecuencia da incoación dun expediente disciplinario pola comisión dunha falta grave ou moi grave
- b) cando sexa declarado improcedente o cesamento acordado nun contrato de obra ou servizo determinado, se as causas que motivaron a contratación subsisten
- c) cando sexa declarado improcedente o despedimento acordado como consecuencia da incoación dun expediente disciplinario pola comisión dunha falta moi grave
- d) cando remate a duración do seu contrato pero subsistan as necesidades de persoal que motivaron a súa contratación

49.- O artigo 76.4 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, sinala que, aos efectos de determinar os correspondentes permisos, os supostos de adopción ou de acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, serán os que así se establezan:

- a) na normativa básica estatal
- b) na normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia
- c) no Código Civil
- d) nas normas comunitarias que regulan esta materia

50.- Segundo o disposto no artigo 101 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, as especificacións técnicas:

- a) en ningún caso poderán facer referencia a unha marca, a unha patente ou a un tipo, a unha orixe ou a unha produción determinados coa finalidade de favorecer ou descartar certas empresas ou certos produtos
- b) poderán facer referencia a unha marca, a unha patente ou a un tipo, con carácter excepcional, no caso en que non sexa posible facer unha descrición abondo precisa e

intelixible do obxecto do contrato en aplicación dos apartados 3 e 4 do artigo 101 da Lei de Contratos do Sector Público e deberá ir acompañada da mención «ou equivalente»

c) defíniranse sempre tendo en conta criterios de accesibilidade universal, de deseño para todos, de sostibilidade e protección ambiental

d) ningunha resposta é correcta

PREGUNTAS DE RESERVA

51.- O artigo 76.4 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, sinala que, aos efectos de determinar os correspondentes permisos, no suposto de acollemento simple, este deberá ter unha duración:

- a) non inferior a dous anos
- b) non inferior a un ano
- c) non inferior a dezaoito meses
- d) non inferior a vinte e catro meses

52.- De acordo co artigo 47.4 do V Convenio, ¿cal das seguintes sancións poderá impoñerse pola comisión dunha falta grave?:

- a) traslado forzoso sen indemnización
- b) despedimento
- c) suspensión do dereito de concorrer a probas selectivas ou concursos de ascensos por un período de un ano
- d) inhabilitación para o ascenso por un período de ata un máximo de dous anos

53.- Segundo o artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, ¿cal das seguintes funcións lle corresponde á Inspección de Traballo e Seguridade Social?:

- a) informar á autoridade laboral de todos os accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos que teña coñecemento
- b) comprobar e favorecer o cumprimento das obrigacións asumidas polos servizos de prevención establecidos pola presente Lei
- c) elaborar os informes solicitados por calquera órgano xudicial relativos ás demandas deducidas ante estes
- d) todas as respostas anteriores son correctas